

INSTRUCCIÓNs DE ACCESO Á REDE DE DATOS

Universida_{de}Vigo

Vigo
24 de Febreiro de 2.010

Universida_{de}Vigo

Información do documento

Nome do documento:	Instrucións de acceso á rede de datos da Universidade de Vigo		
Autor:	Area TIC	Versión:	1.0

Control de versións

Versión	Data de versión	Descrición
1.0	24/02/2010	Versión inicial

ÍNDICE

1.	O servizo	4
1.1.	Solicitude de números IPs.....	4
1.2.	Instalación de rosetas	4
1.3.	Aulas informáticas	4

1. O servizo

Para conectar un ordenador á rede de datos debe encher o [formulario de conexión á rede de datos](#), e enviálo a saum@uvigo.es.

1.1. Solicitude de números IPs

Os números IPs están limitados, tanto na nosa universidade coma en Internet. Non resulta doado conseguir novos números. Por este motivo, é preciso asignalos cun certo control, asegurándonos sempre de que un número asignado vaia ser utilizado.

Para obter un número IP debe encherse o [formulario de conexión á rede de datos](#). Así mesmo, todo PC conectado á rede debe ser identificado coas etiquetas correspondentes, e cando un PC deixa de se utilizar, o número IP debe ser devolto os Servizos Informáticos.

A utilización dun número IP non asignado polos Servizos Informáticos é considerada unha falta grave e pode ser motivo de desconexión temporal da rede de datos para o causante do problema.

1.2. Instalación de rosetas

Nas zonas da Universidade de Vigo que non dispoñan de tomas de conexión á rede de datos (rosetas), pódese realizar a instalación correspondente de novas tomas. Esta nova instalación debe ser deseñada e supervisada polo persoal dos Servizos Informáticos, e será pagada polo solicitante.

Aquelas tomas que sexan instaladas por centros, departamentos, etc., sen a correspondente supervisión dos Servizos Informáticos, non serán conectadas á rede de datos nin á telefonía.

1.3. Aulas informáticas

As aulas informáticas serán administradas polas persoas designadas polos responsables delas, e sempre levarán números IPs falsos.